



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP BARRIÉ DE LA MAZA

Rúa Rosalía de Castro,s/n

15840 –SANTA COMBA

Tel. 981 88 02 97

ceip.barrie.maza@edu.xunta.es

O CEIP Barrié de la Maza pertence á rede Abalar. O que implica que cada alumno e alumna de 6º curso dispón dun Netbook, pertencente ao centro, para traballar na aula. Para un correcto funcionamento do Proxecto Abalar pregamos ás familias que lean as normas de uso que lle achegamos e que, se o consideran oportuno, asinen o compromiso que aparece na última folla e o remitan ao centro.

Un saúdo.

NORMAS DE USO DA AULA ABALAR PARA O ALUMNADO*

I. PORTÁTILES DOS ALUMNOS

NORMAS XERAIS

- 1- Cada portátil do alumno está identificado cun número, que corresponde ao número de lista. O alumno será responsable dese ordenador durante todo o curso. O portátil usarase solo baixo a autorización do profesor encargado da clase e seguindo as súas instrucións.
- 2- O portátil:

- a. Non se lle pode quitar as etiquetas identificativas.
- b. Non se pode usar o portátil do compañeiro.
- c. Debe evitar expoñelo a temperaturas extremas (directamente ao sol, pegado ao radiador...) e á humidade (auga).
- d. Non se lle darán golpes nin se colocarán obxectos de ningunha clase encima do mesmo.
- e. A pantalla solo se debe tocar co punteiro do propio portátil.

II. ENCERADO DIXITAL INTERACTIVO

- 1- Os alumnos non deben usar o EDI sen permiso do profesor.
- 2- Queda prohibido a utilización de bolígrafos ou calquera outro material de escritura no EDI.

III. RESPONSABILIDADES DO USO INADECUADO DE CALQUERA DOS ELEMENTOS DA AULA ABALAR

O alumnado que participa no Proxecto Abalar deberá cumplir e respectar en todo momento a normativa establecida e asumir a responsabilidade correspondente da mala utilización dos citados recursos.

As sancións, en función da gravidade da falta, serán as que a continuación se citan:

1. Non cumprimento das normas nunha clase:
 - a. Retirada da utilización do Netbook na citada clase.
2. Non cumprimento das normas nunha clase de forma continuada:
 - a. Retirada da utilización do Netbook durante un tempo determinado, non superior a un mes.
3. Non cumprimento das normas nunha clase reiteradamente, sen que as sancións anteriores surtan efecto:
 - a. Retirada do uso do Netbook durante todo o curso.
4. Danos nun Netbook de forma intencionada (como tiralo ao chan intencionadamente, golpealo, verte auga ou líquidos intencionadamente...)
 - a. Pago do valor do portátil ou do arranxo se é o caso, e retirada do mesmo o que reste de curso.

**Estas normas son modificables segundo se produza o desenvolvemento da actividade na aula.*

O portátil é un instrumento de traballo escolar (non un fin) ao que se ten acceso polo feito de participar no Proxecto Abalar. Co fin de respectar os dereitos do alumno as sancións aplicadas non repercutirán no acceso aos contidos do currículo, o profesor que se encargue de aplicar a sanción será o responsable de ofertarlle ao alumno unha actividade que lle permita acceder aos contidos traballados co resto do alumnado a través dos elementos da Aula Abalar.



INFORMACIÓN E COMPROMISO COS PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

O portátil é un instrumento de traballo escolar (NON UN FIN) ao que se ten acceso polo feito de participar no proxecto abalar. Como pai/nai/titor/titora legal **acepto** as normas de uso do material da aula abalar e fágome responsable se o meu fillo/filla non as cumpre. No caso de non cumplir as normas fágome responsable do custe dos danos nos equipos.

En caso de non aceptar as normas o meu fillo ou filla no poderá traballar cos elementos sa Aula Abalar.

Asinado:.....

Pai/nai/titor/titora legal:.....

Do alumno/alumna:.....

Do curso:.....